

Lugo, nocións elementais

Lugo, nociones elementales

Lugo é cidade con moita historia. Dous mil anos garantidos, Le desa conta, en adiante.

The City of New York, desde que leva ese nome, non pasa dos 350, nin é preciso furar no tempo para atopar a súa prehistoria. Uns cincocentos anos abundan.

Tamén hai quen gaña pola man niso de ser vello. Se Çatal Hüyük tivese hoxe poboación, certificaría noventa séculos de existencia. Máis de nove mil anos sobre os que reflexionar e dos que aprender.

Entre unha e outra, Lugo non é, nin a mocinha americana, nin a tataravoa hebrea. É o que chamariamos unha cidade adulta, que non sabe se debe disimular os anos, ou recoñecerse en toda a súa esencia. Os tempos son propicios para a cirurxía estética, de xeito que a primeira opción conta en principio con máis partidarios.

Cando tiña a mesma idade da NYC actual, Lucus era tamén un lugar onde viña moita xente. Eran persoas que se achegaban camiñando na procura do Sol, por ver que facía o astro pola noite, que dirección marcaba a Vía Láctea, e cara a onde seguía o País dos Mortos, para cando eles tivesen que facer o mesmo.

Desde logo non se trataba de turistas de praia e chiringuito, aínda que o seu percorrido tamén remataba cando chegaban ao mar. Hoxe aínda hai moitos que fan o mesmo sen necesidade de saber exactamente por que é así, cal é a forza interior que un día suxírelles na orella que boten a andar e que non paren ata que non teñan máis terra de diante. “Atoparei o meu camiño, ou abrirei eu mesmo”, aconsella o pedagogo Orison Marden.

O caso é que neste convento lucense romanizado por Augusto teñen todo cando veñen buscando. Unha meta, unha resposta, e un mar do que só hai lendas, porque aínda ninguén chegou máis aló e volveu. Xa se pode morrer. O microcosmos atopou ao macrocosmos e todo está en orde, cando menos, nas apariencias.

A cidade vive entón da relixiosidade dos *peregrini* e da súa propia convivencia cos deuses. É unha sociedade próspera, rica e cómoda. Seguramente, de impresionante silencio fóra das horas e lugares destinados á diversión, como é de agradecer nunha boa organización comunal. Un silencio só entrecortado polos cans e polos tronos.

Pasan os séculos e de aquí saen, debaixo de tres metros de terra, mosaicos que o indican, como son os sucesivos achádegos chamados de Batitales, Doutor Castro e Armanyá. Aquí aparecen cada día testemuñas da forte presenza de cultos moi significativos, como son os de Cibele, Mitra e Xúpiter / Amón. E de cando en vez, se algunha pala baixa eses tres metros, xorden tamén enterramentos, pasadizos e a cidade civil, coas súas

Lugo es ciudad con mucha historia. Dos mil años garantizados, Ly de esa cuenta, en adelante.

The City of New York, desde que lleva ese nombre, no pasa de los 350, ni es preciso hurgar en el tiempo para encontrar su prehistoria. Unos quinientos años bastan.

También hay quien gana por la mano en eso de ser viejo. Si Çatal Hüyük tuviese hoy población, certificaría noventa siglos de existencia. Más de nueve mil años sobre los que reflexionar y de los que aprender.

Entre una y otra, Lugo no es, ni la jovencita americana, ni la tatarabuela hebrea. Es lo que llamaríamos una ciudad adulta, que no sabe si debe disimular los años, o reconocerse en toda su esencia. Los tiempos son propicios para la cirugía estética, de manera que la primera opción cuenta en principio con más partidarios.

Cuando tenía la misma edad de la NYC actual, Lucus era también un lugar donde venía mucha gente. Eran personas que se acercaban caminando en la búsqueda del Sol, por ver que hacía el astro por la noche, que dirección marcaba la Vía Láctea, y hacia donde seguía el País de los Muertos, para cuando ellos tuviesen que hacer lo mismo.

Desde luego no se trataba de turistas de playa y chiringuito, aunque su recorrido también terminaba cuando llegaban al mar. Hoy aún hay muchos que hacen lo mismo sin necesidad de saber exactamente por que es así, cual es la fuerza interior que un día les sugiere en la oreja que echen a andar y que no paren hasta que no tengan más tierra por delante. “Encontraré mi camino, o lo abriré yo mismo”, aconseja el pedagogo Orison Marden.

El caso es que en este convento lucense romanizado por Augusto tienen todo cuando vienen buscando. Una meta, una respuesta, y un mar del que solo hay leyendas, porque aún nadie llegó más allá y volvió. Ya se puede morir. El microcosmos encontró al macrocosmos y todo está en orden, cuando menos, en las apariencias.

La ciudad vive entonces de la religiosidad de los *peregrini* y de su propia convivencia con los dioses. Es una sociedad próspera, rica y cómoda. Seguramente, de impresionante silencio fuera de las horas y lugares destinados a la diversión, como es de agradecer en una buena organización comunal. Un silencio sólo entrecortado por los perros y por los tronos.

Pasan los siglos y de aquí salen, debajo de tres metros de tierra, mosaicos que lo indican, como son los sucesivos achádegos llamados de Batitales, Doutor Castro y Armanyá. Aquí aparecen cada día testigos de la fuerte presencia de cultos muy significativos, como son los de Cibele, Mitra y Xúpiter / Amón. Y de vez en cuando, si alguna pala baja esos tres metros, surgen también

rúas, os seus alicerces e as súas ferramentas, para que vexamos uns intres o que fomos e de onde vimos.

Non máis que uns intres. A mesma pala que baixou ata alí, vai facer o traballo inverso, sen que ningún capital, ningunha autoridade poda impedirlo. Non é rendible. Lugo olla ao seu pasado como a unha enfermidade da que xa sanou. Catro pedras mal postas, unhas pezas de barro esnaquizadas, unhas moedas gastadas polo tempo. Nada que cambie o valor do chan.

Pero daquela, cando a cidade semella ter o seguro da eternidade, algo pasa que a urbe sagrada, a das catro portas abertas, considera máis conveniente para o seu futuro reconverter boa parte das súas pedras, as máis supérfluas, noutro destino que endexamais pasou polos miolos dos seus fundadores: construír unha muralla que lle poña portas ao campo.

Din que foi a ameaza de pobos sen romanizar que viñan dispostos a gozar das ventaxas do Imperio creado por Augusto, o que aconsella a todas as cidades facer o máximo esforzo orzamentario en seguridade. Outros coidan que pesan máis os conflitos internos, como dicindo que a orixe da muralla foi máis policial que bélica. Pode ser. O que resulta indubidable é que os investimentos encamiñados en construír unha urbe expedita, viraron no sentido contrario para buscar a protección, non tanto nos deuses, como na propia pedra da que se fan os templos.

Dende entón as portas da cidade supoñen unha incomodidade para os que chegan de fóra, e unha desconfianza para os que moran dentro. Útil, iso si, en tempos de perigos e ameazas.

O postigo, os fielatos, as taxas e os arbitrios son conceptos que coexisten cos altos muros lucenses. Non é de estrañar que algúns cidadáns quixesen chimpala, porque nela vían a representación do inimigo que lles levaba os cartos. Aínda no século XX hai fielatos e movementos para botala abaixo. Menos mal que Rof Codina puxo algo de cordura e hoxe non existen os fielatos, pero si a muralla.

Unha muralla que xa só é monumento, solaz, selo, pasaporte e franquicia dunha cidade con moita historia... que non a sabe, que non lle interesa, ou que prefire disimularla.

No 2008 *El Progreso* cumpre o seu primeiro século de vida, e nese relatar os días, un a un, durante cen anos, atopamos que nas súas páxinas se certifica a constante loita entre os que confían na *grandeur* de Lugo, e os que non ven máis aló dos seus narices.

De todo ten que haber para que haxa mundo, pero sempre agardas que os que teñen máis posibilidades de decisión, sexan tamén os máis privilexiados polo sentido da vista e da oportunidade. E non sempre é así.

Certo que entre levar pedras da muralla para facer o peirao da Coruña, e celebrar a designación do monumento como Patrimonio da Humanidade vai un gran treito, pero non é preciso recoller un dossier moi extenso para afirmar que o nomeamento do 2001 só supón para a cidade unha mínima medra na chegada de visitantes, sen que Lugo faga moito por potenciar un recoñecemento que moi poucos lugares teñen, anque o título de Patrimonio da Humanidade, en si mesmo, soamente sexa un agasallo de cara á publicidade e a propaganda, como

enterramientos, pasadizos y la ciudad civil, con sus calles, sus pilares y sus herramientas, para que veamos unos instantes lo que fuimos y de donde venimos.

No más que unos instantes. La misma pala que bajó hasta allí, va a hacer el trabajo inverso, sin que ningún capital, ninguna autoridad pueda impedirlo. No es rentable. Lugo mira a su pasado como a una enfermedad de la que ya curó. Cuatro piedras mal puestas, unas piezas de barro destrozadas, unas monedas gastadas por el tiempo. Nada que cambie el valor del suelo.

Pero de aquella, cuando la ciudad parecía tener el seguro de la eternidad, algo pasa que la urbe sagrada, la de las cuatro puertas abiertas, considera más conveniente para su futuro reconvertir buena parte de sus piedras, las más superfluas, en otro destino que jamás pasó por los sesos de sus fundadores: construir una muralla que le ponga puertas al campo.

Dicen que fue la amenaza de pueblos sin romanizar que venían dispuestos a gozar de las ventajas del Imperio creado por Augusto, el que aconseja a todas las ciudades hacer el máximo esfuerzo presupuestario en seguridad. Otros piensan que pesan más los conflictos internos, como diciendo que el origen de la muralla fue más policial que bélico. Puede ser. Lo que resulta indudable es que las inversiones encaminadas en construir una urbe expedita, giraron en el sentido contrario para buscar la protección, no tanto en los dioses, como en la propia piedra de la que se hacen los templos.

Desde entonces las puertas de la ciudad suponen una incomodidad para los que llegan de fuera, y una desconfianza para los que moran dentro. Útil, eso si, en tiempos de peligros y amenazas.

El postigo, los fielatos, las tasas y los arbitrios son conceptos que coexisten con los altos muros lucenses. No es de estrañar que algunos ciudadanos quisieran echarla, porque en ella veían la representación del enemigo que les llevaba el dinero. Aún en el siglo XX hay fielatos y movimientos para echarla abajo. Menos mal que Rof Codina puso algo de cordura y hoy no existen los fielatos, pero si la muralla.

Una muralla que ya sólo es monumento, solaz, sello, pasaporte y franquicia de una ciudad con mucha historia... que no la sabe, que no le interesa, o que prefiere disimularla.

En 2008 *El Progreso* cumple su primer siglo de vida, y en ese relatar los días, uno a uno, durante cien años, encontramos que en sus páginas se certifica la constante lucha entre los que confían en la *grandeur* de Lugo, y los que no ven más allá de su nariz.

De todo tiene que haber para que haya mundo, pero siempre esperas que los que tienen más posibilidades de decisión, sean también los más privilegiados por el sentido de la vista y de la oportunidad. Y no siempre es así.

Certo que entre llevar pedras da muralla para facer el muelle de A Coruña, y celebrar la designación del monumento como Patrimonio De la Humanidad va un gran trecho, pero no es preciso recoger un dossier muy extenso para afirmar que el nombramiento del 2001 sólo supone para la ciudad un mínimo crecimiento en la llegada de visitantes, sin que Lugo haga mucho por potenciar un reconocimiento que muy pocos lugares tienen, aunque el título de Patrimonio de la Humanidad, en sí mismo, solamente sea un regalo de cara a la publicidad y la propaganda, como bien saben

ben saben os que o queren para a torre de Hércules na capital galega situada ao noso oeste.

O obxecto homenaxeado polo título non é a muralla no seu exacto concepto de dous quilómetros e cento dezasete metros de lonxitude; nos seus dez metros de altura; ás veces doce, ás veces, oito; no seu volume, semellante ao dunha pirámide exipcia. Non. Quen recibe o premio é Lugo enteiro, porque unha muralla non se explica por si soa. Están os mosaicos, están os templos, o balneario, o acueducto, os teatros e os pasadizos. Iso si, hai que querelo, e para chegar a semellante convicción abundaría lembrar que todo lugar declarado Patrimonio da Humanidade é un enclave particular, distinto e cun valor excepcional, máxime tendo en conta que todos os lugares, na súa simple calidade de existentes, xa o son.

Alí onde vai o título, alí hai un bosque, unha montaña, un río, un monumento, un sistema, unha cidade que ten moito que contar ás outras, que convén coñecer, estudar, protexer e amosar. Todo, co indisimulable obxectivo de que os seus habitantes sexan máis ricos, máis ledos e medren na súa autoestima, como agora tanto se di. O lugar foi nominado y confirmado para a súa inclusión na lista do programa, administrado polo comité do Patrimonio da Humanidade da UNESCO, formado por vinteún estados membros elixidos pola Asamblea Xeral por un período determinado...

Son nocións elementais do que pasou hai oito anos e que convén repetir para non caer no esquecemento.

Hoxendía, dos cinco mil millóns de topónimos en todo o mundo que se poden constatar nunha enciclopedia de poucas entradas, soamente 851 deles poden poñer no seu currículo que gozan dese recoñecemento. E deses, só 660, como no caso de Lugo, son de carácter cultural, 166 naturais e 25 mixtos, distribuídos en 142 países. A UNESCO refírese a cada lugar Patrimonio da Humanidade cun número de identificación único.

Por razóns administrativas de clasificación, a inscrición de Lugo é a 987. Un número moi doado de lembrar. **G**

Xosé de Cora é director xeral do Grupo El Progreso.

los que lo quieren para la torre de Hércules en la capital gallega situada a nuestro oeste.

El objeto homenajeado por el título no es la muralla en su exacto concepto de dos kilómetros y ciento diecisiete metros de longitud; en sus diez metros de altura; a veces doce, a veces, ocho; en su volumen, semejante al de una pirámide egipcia. No. Quien recibe el premio es Lugo entero, porque una muralla no se explica por si sola. Están los mosaicos, están los templos, el balneario, el acueducto, los teatros y los pasadizos. Eso si, hay que quererlo, y para llegar a semejante convicción bastaría recordar que todo lugar declarado Patrimonio de la Humanidad es un enclave particular, distinto y con valor excepcional, máxime teniendo en cuenta que todos los lugares, en su simple calidade de existentes, ya lo son.

Allí donde va el título, allí hay un bosque, una montaña, un río, un monumento, un sistema, una ciudad que tiene mucho que contar a las otras, que conviene conocer, estudiar, proteger y mostrar. Todo, con el indisimulable objetivo de que sus habitantes sean más ricos, más contentos y crezcan en su autoestima, como ahora tanto se dice. El lugar fue nominado y confirmado para su inclusión en la lista del programa, administrado por el comité del Patrimonio de la Humanidad de la UNESCO, formado por veintiún estados miembros elegidos por la Asamblea General por un período determinado...

Son nociones elementales de lo que pasó hace ocho años y que conviene repetir para no caer en el olvido.

Hoy en día, de los cinco mil millones de topónimos en todo el mundo que se pueden constatar en una enciclopedia de pocas entradas, solamente 851 de ellos pueden poner en su currículo que gozan de ese reconocimiento. Y de esos, sólo 660, como en el caso de Lugo, son de carácter cultural, 166 naturales y 25 mixtos, distribuidos en 142 países. La UNESCO se refiere a cada lugar Patrimonio de la Humanidad con un número de identificación único.

Por razones administrativas de clasificación, la inscripción de Lugo es la 987. Un número muy fácil de recordar. **G**

Xosé de Cora es director general del Grupo El Progreso.